



ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES

E OFICIOS

**MEMORIA**

**2011**

**CONTA XERAL 2011**

**ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS**

**MEMORIA**

Os documentos que integran as contas anuais: O Balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Presuposto e a Memoria.

A ORDE EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (ICAL), regula a estrutura e contido da memoria, os distintos documentos que a conforman así como, aqueles sobre os que resulta necesario un comentario ou explicación dos cambios que se producirán ao longo do exercicio económico.

A memoria que conforma a Conta Xeral ten como finalidade completar, ampliar e comentar a información contida no Balance, na Conta do resultado económico patrimonial e no Estado de liquidación do Orzamento.

### **1.-ORGANIZACIÓN.**

A actividade principal é a formación de adultos de carácter non regrado no ámbito das artes e oficios. No curso 2008-2009, por acordo da Xunta Reitora do O.A. de 14 de xullo de 2008, implantouse o Plan de Normalización Curricular (PNC) que introduciu unha nova estrutura curricular baseada na tradicional, se ben con modificacións encamiñadas á racionalización do ensino e á explicitación dos programas de cada especialidade.

En xullo de 2010 aprobouse unha modificación do plan de normalización curricular (PNC010) que partindo da experiencia do PNC aprobado no curso 2008-2009 e as modificacións incorporadas no curso 2009-2010 (PNC09) especialmente referíndose a: organización docente, acceso e promoción do alumnado, baixas e repetición de curso, cursos en horario de mañá e cambio na denominación na especialidade de repuxado en coiro pola de artesanía en coiro

As especialidades da EMAO quedaron do seguinte xeito:

Serigrafía artística  
Cerámica artística

Moda e confección  
Debuxo  
Ourivaría  
Pintura  
Encadernación artística  
Encaixe de palillos  
Escultura e talla na madeira  
Artesanía en coiro  
Construción Artesanal de Instrumentos musicais (CAIM):  
- Luthería antiga  
- Gaita  
- Zanfona

Asemesmo, tamén forman parte da actividade do organismo, a xestión e funcionamento da Biblioteca e Hemeroteca histórica da Escola.

A estrutura organizativa no nivel político ou de goberno é a seguinte: A Xunta de Goberno Reitora e o Presidente de dita Xunta.

A Xunta de goberno Reitora, está constituída pola Concelleira delegada da Área de Educación, que exerce como presidenta do Organismo Autónomo por mor da delegación da alcaldía (Decreto de 13 de xuño de 2011 e acordo xunta de goberno local de 17 de xuño de 2011); dez concelleiros propostos polos distintos grupos políticos municipais; sete vocais veciñais propostos polos grupos políticos; un representante do alumnado e un representante designado polo claustro de profesores, Director da Escola Municipal de Artes e Oficios e o Xefe de Estudos.

Outros órganos de natureza colexiada no eixo administrativo, son o Consello de dirección ou Xerencia e o claustro de profesores. Este último estableceu un funcionamento sistemático e normalizado no curso 2009-2010, con reunións quincenais.

As funcións necesarias de fe pública e asesoramento legal preceptivo e a de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira no organismo, correspóndelles, respectivamente, ao Secretario e Interventor do Concello, ou funcionarios propios da Corporación en quen deleguen.

A relación de postos de traballo aprobada para o exercicio 2011 é a seguinte:

- 1 Profesor de Linguas da Comunidade .Autónoma. (en función de Xefe de Estudos).
- 1 Técnico do Departamento de Música Tradicional (en funcións de Director da e-trad).
- 1 técnico medio biblioteca
- 1 auxiliar biblioteca
- 10 mestres de formación
- 3 mestres de oficios
- 2 administrativos/as
- 2 auxiliares administrativos/as.

- 4 ordenanzas.

A fonte de financiación do Organismo Autónomo, está constituída polas transferencias correntes e de capital do Concello de Vigo, a única fonte de recursos propia vén determinada pola rentabilidade financeira dos saldos medios situados en entidades de depósito dos fondos líquidos do OO.AA., si ben o seu peso sobre o montante total do orzamento é mera mente testimonial.

## **2.- XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS.**

Non se xestiona ningún servizo de forma indirecta, xa que o Organismo Autónomo é unha forma descentralizada da xestión municipal.

## **3.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS.**

Os principios contables que se aplican conducentes a que as contas anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, situación financeira, execución do orzamento e dos resultados, son os seguintes: Principio de entidade contable, principio de xestión continuada, principio de uniformidade, principio de importancia relativa, principio de rexistro, principio de prudencia, principio de devengo, principio de imputación da transacción, principio de prezo de adquisición, principio de correlación de ingresos e gastos, principio de non compensación, principio de desafectación.

## **4.- NORMAS DE VALORACIÓN.**

As normas de valoración son as que se establecen na Quinta parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.

### Balance.

O balance comprende os bens e dereitos, así como os posibles gastos diferidos, que constitúen o activo da entidade, e os fondos propios e as obrigas que forman parte do pasivo da mesma.

No inmovilizado, diminúe o importe total das inmovilizacións materiais, como consecuencia das amortizacións imputables ao exercicio.

No relativo ás amortizacións, tómanse como base de cálculo os saldos que figuran no balance a 31 de decembro do exercicio anterior. O método aplicado é o de continuidade do establecido cumprindo o principio de xestión continuada e de uniformidade.

Na masa patrimonial de debedores, os orzamentarios por importe de 6.000 euros, correspóndense con anticipos reintegrables concedidos a persoal do organismo pendentes de reembolso ao peche do exercicio.

No que atinxe aos debedores non orzamentarios polo importe de 64,01 euros, que se corresponde con saldo deudor por IVA soportado.

No que atinxe á masa patrimonial de acredores, os orzamentarios correspóndense con gastos de carácter corrente, os correspondentes ao exercizo 2011 foron satisfeitos no primeiro trimestre do ano no que andamos. No que atinxe ao resto de acredores, basicamente se refiren ao saldo a favor da AEAT por retencións practicadas ao persoal do Organismo en concepto de IRPF no derradeiro trimestre do ano 2011

#### Conta de resultado Económico-Patrimonial

Este estado vén a substituír ó estado de pérdidas e ganancias no Plan de contabilidade pública do ano 1990 pero resumido nun só documento os reultados de explotación, os resultados extraordinarios, o resultado da carteira de valores e o resultado das variacións de dereitos e obrigas de exercicios pechados.

A conta de Resultado Económico-Patrimonial recolle a diferenza que se produce entre vendas e ingresos de xestión común, os aumentos de existencias, outros ingresos comúns, as transferencias e subvencións e ganancias e ingresos extraordinarios e os gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais, gastos financeiros, redución de existencias, transferencias e subvencións e pérdidas e gastos extraordinarios.

O resultado final representa un aforro de 73.919,86 euros.

#### **5.- INVERSIÓNS DESTINADAS AO USO XERAL.**

Non existen inversións no exercicio 2011.

#### **6.- INMOBILIZACIÓNS INMATERIAIS.**

O Organismo Autónomo non ten immobilizacións inmateriais.

#### **7.- INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS.**

O Organismo Autónomo no exercicio 2011 non ten inversión no inmovilizado material, solamente existe variación como consecuencia de aplicarse as amortizacións imputables ao exercicio.

#### **8.- INVERSIÓNS XESTIONADAS.**

A Escola Municipal de Artes e Oficios non ten inversións xestionadas.

#### **9.- PATRIMONIO PÚBLICO DO CHAN.**

O Organismo Autónomo non ten patrimonio desta natureza.

#### **10.- INVERSIÓNS FINANCEIRAS.**

A Escola Municipal de Artes e Oficios non ten inversións en accións con ou sen cotización oficial e outros valores.

## **11.- EXISTENCIAS.**

Non se leva contablemente un control de existencias, os aprovisionamentos fanse por anos, en consecuencia, a variabilidade das mesmas é escasa ou de nula contía e o valor final do exercicio non ten impacto sobre o resultado económico-patrimonial, nin sobre os demais estados e contas anuais, estando representada esta masa patrimonial por algún material de oficina, que como xa foi dito, pola súa importancia relativa non se incorpora como existencias finais.

## **12.- TESOURERÍA.**

O Organismo dispón dunha conta bancaria operativa aberta na entidade Caixanova. O saldo que arroxa a devandita conta ao peche do exercicio é por si mesmo suficiente para facer fronte ao esixible do organismo a dita data.

## **13.- FONDOS PROPIOS.**

Este estado recolle as variacións producidas nas contas de Patrimonio e Reservas. As variacións máis relevantes se explican no resultado económico-patrimonial que representa no Balance o resultado positivo do exercicio por un importe de 73.919,86 euros, que se traspasa á conta 120, resultados de exercicios anteriores.

## **14.- ENDEBEDAMENTO.**

Non hai saldos nin movementos a comentar no subgrupo 17 e 52, xa que non existe endebedamento nin a longo nin curto prazo.

## **15.- RECURSOS OUTROS ENTES.**

Non existen operacións a rexistrar neste estado.

## **16.- OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA.**

Este estado recolle a información relativa aos debedores e acredores non orzamentarios, partidas pendentes de aplicación de pagos e cobros poñendo de manifesto actuación ao inicio do exercizo, as modificacións cargos e abonos e saldo pendente ao peche do exercizo. A procedencia dos saldos máis significativos desta submasa patrimonial xa foron obxecto de comentario no epígrafe número catro desta memoria.

## **17.- INGRESOS E GASTOS.**

Nos ingresos, existe un aumento dun 12,44% sobre os do ano anterior, derivados principalmente da transferencia do Concello (aportación municipal que se atopaba en dereito recoñecido ao peche do exercicio, e que se ingresou no primeiro trimestre do ano 2011), para financiación dos gastos operativos do OOAA.

Respecto dos gastos existe unha diminución respecto do ano anterior dun 1,7%, desglosándose da seguinte maneira:

- capítulo 1	Prodúcese un incremento do	9,90%
- capítulo 2	Prodúcese unha diminución do	12,76%.
- capítulo 4	Prodúcese unha diminución do	100,00%
- capítulo 6	Prodúcese unha diminución do	100,00%
- capítulo 7	Prodúcese un incremento do	53,42%

## **18.- VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO.**

Os valores recibidos en depósito mantéñense en cifras similares ós anos anteriores.

## **19.- CADRO DE FINANCIACIÓN.**

Este estado vén a substituír ó Estado de Orixe e Aplicacións de Fondos no Plan Xeral de Contabilidade Pública do ano 1990, recollendo os fondos obtidos e aplicados, tanto por operacións de gastos e ingresos como as derivadas de adquisicións ou altas de inmovilizado, ventas ou diminucións do mesmo, variación de endebedamento, etc., Constitúen as aplicacións os incrementos que se producen en contas do Activo Fixo, incrementos do debe e minoracións do Pasivo fixo. Os fondos obtidos son consecuencia das baixas nas contas de activo fixo, saldos acredores, e incrementos en contas de pasivo fixo. Conforman igualmente o cadro de financiación, os resultados da xestión, sendo os fondos aplicados os correspondentes a gastos de servizos exteriores, persoal, transferencias e subvencións recibidas, provisións aplicadas a súa finalidade, ingresos financeiros e outros ingresos.

En canto ás variacións en capital circulante, os aumentos teñen a súa orixe nos incrementos nas contas do activo circulante e os saldos debedores das contas de pasivo circulante, e as diminucións son consecuencia das diminucións nas contas de activo circulante e os incrementos no pasivo circulante.

Na análise dos fondos obtidos e aplicados, os fondos obtidos son maiores que as aplicacións en 154.153,29 euros, o que supón un incremento de capital circulante.

## **20.- INFORMACIÓN ORZAMENTARIA.**

### **20.1 Exercicio corrente.**

#### **A).- Orzamento de gastos. A.I).- Modificacións de crédito.**

Este estado recolle de forma separada as modificacións orzamentarias, o detalle dos distintos tipos de modificacións, as partidas afectadas polas mesmas así como os importes en cada caso. No exercicio non se tramitaron modificacións orzamentarias que supuxesen unha alteración cuantitativa do orzamento.

A.2).- Remanentes de crédito.

Non se incorporaron remanentes de crédito.

A.3).- "Acredores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento.

Este estado recolle os saldos da conta 413 polo gasto executado non aplicado ó orzamento. Non existe saldo algún nesta situación.

B).- Orzamento de ingresos.

B.1).- Proceso de Xestión.

Este estado recolle a información sobre os dereitos anulados, cancelados e a recadación neta. O importe da recadación neta ascende a 1.395.374,92 euros, non existen dereitos anulados nin cancelados.

B.2).- Devolucións de ingresos.

Non se ten producido devolucións de ingresos.

B.3).- Compromisos de ingreso.

Non existen rexistros neste módulo.

20.2.- Exercicios pechados.

A).- Obrigas de presupostos pechados.

Este estado recolle a información sobre as obrigas de orzamentos pechados con detalle por anos e partidas, indicando o saldo inicial, as modificacións, os pagos e as obrigas pendentes ao peche do exercicio.

Neste exercicio tivéronse producido movementos por importe de 65.099,97 euros, na súa totalidade do exercicio precedente do 2010, o saldo final das obrigas pendentes de pago ó peche do exercicio é de 4.705,01 euros.

B).- Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.

O estado de referencia consta de dúas partes e recolle a información sobre os dereitos de orzamentos pechados con detalle, por anos e concepto de saldo inicial, modificacións, anulacións, recadación e pendente o final de ano.

Neste ano en dereitos a cobrar de orzamentos pechados e para o exercicio 2010 aparece a cantidade de 247.000 euros que corresponden a aportación municipal do concello, facéndose o ingreso no premer trimestre do ano 2011.

Non existen neste exercicio nin dereitos anulados nin dereitos cancelados.

C).- Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores.

Non hai feito algún no exercicio.



### 20.3.- Exercicios posteriores.

Non existe gasto que supoña un compromiso futuro polo que o estado non recolle ningún movemento.

### 20.4.- Gastos con financiamento afectado.

Non existen gastos con financiación afectada.

### 20.5.- Remanente de Tesourería.

O Remanente de Tesourería total, calculado de acordo ao previsto nas regras 81 a 87 da ICAL, ascende a 1.131.267,73 euros.

## 21.- INDICADORES.

A ICAL establece distintos tipos de indicadores: financeiros e patrimoniais, orzamentarios de Orzamentos corrente e de pechados.

### Indicadores financeiros e patrimoniais.

O índice de liquidez representa a existencia de máis de trece unidades monetarias por cada unha das obrigas.

### Indicadores orzamentarios.

O indicador de execución do orzamento é superior en ingresos ao de gastos (99% - 88%).

A realización de cobros foi superior a realización de pagos (100% - 97%).

## 22.- GASTOS SEN CONTROL FISCAL

Estes gastos corresponden a contratacións de prestación de servizos para a impartición de determinados cursos na Escola de Artes e Oficios.

Habida conta que os servizos foron prestados e así mesmo se emitiron as correspondentes facturas. A xunta reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios en sesión extraordinaria de 29/12/2011 acordou: declarar a nulidade das actuacións administrativas levadas a cabo pola prestación dos servizos, e aprobar unha indemnización substitutiva a favor das persoas e entidades contratadas, por un importe total de 11.457,50 euros.


### 23.- ACONTECEMENTOS POSTERIORES AO PECHE.

Non existen máis feitos relevantes con posterioridade ao peche que alteren os estados e contas anuais que se presentan, salvo os que se derivan da propia materialización de cobros e pagos pendentes ao peche do exercicio.

Vigo, a 20 de abril do 2012.

A ADMINISTRADORA

A PRESIDENTA

Handwritten signature of Pilar López Piñeiro, consisting of the initials 'P L P' in a stylized, cursive font.Handwritten signature of Raquel Díaz Vázquez, a cursive signature with a long horizontal stroke extending to the right.

Pilar López Piñeiro

Raquel Díaz Vázquez